



Por Orde do 30 de xuño de 2010 se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010-2011.

O artigo 8º da citada Orde establece os requisitos que deberá reunir os profesorado non especialista en lingua estranxeira para impartir as árees e materias. Asemade, o punto 7 deste artigo 8º prescribe que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asegurará que as vacantes que se produzan nas árees ou materias non lingüísticas vinculadas ao programa de centros plurilingües se cubran con profesorado coa debida competencia lingüística.

Por outra parte, de acordo coa comisión de seguimento, procede clarificar que o procedemento de acceso ás relacións de interinidades e substitucións virá determinado polos resultados do concurso-oposición.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e as organizacións sindicais asinantes, acordan modificar a redacción do apartado segundo da Resolución do 10 de maio de 2010.

O apartado segundo da Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, polo que se regulan o acceso e as condición de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta



de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, queda redactado como segue:

Segundo.- Orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

O nomeamento de profesores interinos e/ou substitutos dos corpos docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias realizarse pola seguinte prioridade:

- 1.- Profesorado que prestou servizos como interino ou substituto, pola mesma orde en que elixiu no último curso, sempre que non renunciasen a unha interinidad ou substitución que se lles ofertase ou se acollesen ao previsto no punto décimo cuarto deste acordo.
2. Persoal participante nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que non estea incluído nas listas do persoal aspirante que superou o procedemento selectivo, sempre que posúan a titulación que, para cada especialidade, determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, para as especialidades dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de escolas oficiais de idiomas, estean en posesión da formación pedagóxica e didáctica prevista no artigo 100.2 da LOE.

Estarán exceptuados do requisito de titulación previsto no parágrafo anterior os que superen a proba da fase de oposición.



Este colectivo ordenarase, para os efectos de prioridade na elección, por especialidades e dentro de cada especialidade por bloques, de acordo co número de exercicios superados; dentro destes bloques pola puntuación resultante da fase de concurso e oposición, unha realizada a ponderación prevista no Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro. Unha vez transcorrido o período transitorio de acceso procederase a negociar, se é o caso, os criterios e requisitos para que este colectivo acceda ás listas.

Para que o persoal participante nos procedementos selectivos pase a formar parte das listas de interinos e substitutos deberá acreditar o coñecemento da lingua galega no propio procedemento, a través da superación da proba ou por estaren exentos da súa realización.

Cando exista a mesma especialidade en máis dun corpo e se convoque no mesmo ano concurso-oposición nos dous corpos, elaborarase unha lista única integrada polos opositores que non superaron os procedementos selectivos, intercalándose pola orde de puntuación, conforme o previsto no parágrafo anterior.

3. Mientras non se cree e se convoque concurso-oposición da especialidade de primaria do corpo de mestres, para cubrir as necesidades de educación primaria, ou, se é o caso, outras prazas sen perfil, elaborarase unha lista xeral ordenada conforme os criterios previstos no parágrafo anterior.

Convocado o concurso-oposición na especialidade de primaria, manterase a dobre lista de especialidade e xeral para aquelas persoas que



accedesen a unha interinidade ou substitución con carácter previo á resolución da dita convocatoria.

4. O colectivo citado no parágrafo 2 deste punto segundo renovarase cada ano nos que teñan lugar procedementos selectivos tendo en conta que o persoal que chegase a prestar servizos quedará integrado no parágrafo 1 do mesmo punto segundo.

5. O profesorado interino procedente dos centros dependentes do Instituto Social da Mariña integraranse nas listas no corpo e especialidade correspondente, coa antigüidade que acrediten nestes centros.

6.- Cos colectivos previstos na lista xeral dos puntos 1 e 2 deste apartado segundo elaborarase unha lista específica en cada especialidade que imparte áreas ou materias non lingüísticas, con aquellas persoas que acrediten que dispoñen do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), para cubrir interinidades e substitucións das áreas ou materias que se imparten nunha lingua estranxeira nos centros plurilingües ou nas seccións bilingües.


7.- As persoas da lista xeral que obteñan con posterioridade á sinatura desta addenda o nivel B2 anteriormente citado, poderán solicitar ser incluídas na lista ou listas específicas integrándose nas mesmas en función da orde que lle corresponda pola orde da lista xeral.

8.-De non ser chamado pola lista xeral, a prestación de servizos por chamamento realizado pola lista específica non xera o dereito a incorporarse na lista xeral no punto 1 deste apartado segundo.



Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS




José Manuel Piñal Rodríguez

POR CC.OO



José Manuel Fuentes Fariña

POR ANPE



Julio Díaz Escolante